

Circular 1/2025

En data 3 de outubro de 2025, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 189, publicáronse as bases reguladoras do Plan Provincial Extraordinario 2025 (Plan Extra 2025), cuxo obxecto é o financiamento de investimentos competitivos, transformadores e de relevancia estratéxica, necesarios para abordar o retos do futuro e lograr, dun xeito real e efectivo, a prestación de servizos de calidade en todo o territorio provincial.

Antes de proceder á tramitación dos proxectos de obra, e ante as dúbidas formuladas respecto ao carácter estratéxico das actuacións, considérase necesario precisar o alcance deste concepto conforme ao disposto na base primeira das citadas bases reguladoras.

Os proxectos estratéxicos, que deben xurdir dun plan de acción ou desenvolvemento, deben incorporar valores e obxectivos definidos, así como xerar un impacto significativo sobre un ámbito territorial concreto e continuo, como pode ser un barrio, unha parroquia ou un núcleo de poboación.

En consecuencia, un proxecto destas características non pode presentar actuacións illadas nin limitadas a obras de mantemento, reparación ou conservación illada, senón que debe delimitar un ámbito de intervención, concretar obxectivos coherentes e definir unhas liñas estratéxicas orientadas á mellora integral do territorio.

Deste modo, non se considerarán proxectos estratéxicos, e polo tanto non serán admitidos a trámite, aqueles que teñan por obxecto unicamente obras de pavimentación, asfaltado ou mellora superficial de camiños, rúas ou vías públicas, cando non se integren nunha intervención de carácter integral que comporte a mellora funcional, paisaxística ou dotacional do ámbito de actuación.

Desde o punto de vista da súa formulación, o proxecto deberá xustificar con precisión o que se vai realizar, os obxectivos que se pretenden acadar e o impacto esperado a nivel local, de acordo cos criterios establecidos na base primeira e na documentación técnica exixida.

A falta de motivación suficiente sobre o carácter estratéxico da actuación impedirá a valoración deste criterio no proceso de avaliación e selección dos proxectos.

O Xefe do Servizo de Cooperación Municipal

Marcos Areán González

(Documento asinado dixitalmente)

